



O último traballo de Mirna.

A cantante Mirna realiza o seu debut discográfico como solista

O. L.

Mirna foi a cantante do desaparecido grupo Tralla e agora decidiu publicar o seu primeiro álbum como solista.

Nas letras decidiu recurrir a poetas catalanes como Maria-Mercè Marçal, Montserrat Abelló, Mercè Rodoreda, ou Miquel Martí i Pol.

O compositor das pezas é Xavi Murcia e o arranxista Marcel Casellas. Mirna cualifica os seus temas como *músicas do Mediterráneo* e mestura ritmos tradicionais deses lugares bañados polo mar canda pezas nas que se ofrece unha lectura das cancións desde un punto de vista máis persoal. *O álbum Mirna* está a ser distribuído polo selo Harmonia Mundi.